

Libros recomendados

para nenos e nenas de 7 a 8 anos

O gato con botas. Xosé Ballesteros.
Editorial Kalandraka

A aldea das catro primaveras. Xoan Babarro
Editorial Sotelo Blanco.

Bichos con gaseosa. Gloria Sánchez
Editorial Bruño.

O carabicolé. Ana M^a Fernández.
Edicións Xerais.

O lobo e o grilo. Bernardino Graña.
Edicións Sotelo Blanco.

A galina azul. Carlos Casares.
Editorial Galaxia.

DEZ CONSELLOS PARA ESCOLLER BEN UN LIBRO INFANTIL



C.E.I.P. Sada e contornos

Biblioteca escolar



Seminario permanente
de animación á lectura
C.E.I.P. Sada e contornos.
Curso 1999-2000

C.E.I.P. Sada e contornos

Curso 1999 - 2000



DEZ CONSELLOS PARA ESCOLLER BEN UN LIBRO INFANTIL



1. Coñecer os nenos.

Cada nena ou neno é un mundo.

2. Coñecer os libros.

Hai moitos mundos que agardan nos libros.

3. Lerlles ós nenos.

Os nenos e nenas poden comezar a sentir os libros e os seus misterios antes de saber ler.

4. Ter libros na casa.

O neno ou a nena debe estar afeito, dende moi pequeno, a observar os libros como obxecto de uso común.

5. Falar dos libros.

Transmitamos a outros a emoción da propia lectura.

6. Fiémonos dos ollos.

Un libro bonito é, de primeiras, un bo libro.

7. Ir máis alá da vista.

Non quedemos nas apariencias: hai tamén libros maravillosos que por fóra non o parecen.

8. Os libros son o mellor xoguete.

Os libros serven para ler, observar, sentir, escoitar, ...

9. É bo desexar o libro alleo.

Sexamos xenerosos en compartir cos amigos os nosos libros máis queridos.

10. Un bo libro infantil é sempre un bo libro.

A literatura infantil non só é a que len os nenos e nenas, senón que é a que tamén poden ler eles.